




Carta de Servicios

Eurocidade

Chaves-Verin



Interreg



Cofinanciado por
la Unión Europea
Cofinanciado pela
União Europeia

Eurocidade 2030

España – Portugal



Que é a Eurocidade Chaves-Verín?



Quen Somos

A Eurocidade Chaves-Verín, formalmente constituída como Agrupación Europea de Cooperación Territorial (AECT) no ano 2013, é unha entidade transfronteiriza con personalidade xurídica recoñecida en ambos países, que facilita e promove a cooperación entre os concellos de Chaves (na Rexión Norte de Portugal) e Verín (na Comunidade Autónoma de Galicia, España).

A nosa creación é o resultado dun longo proceso de colaboración iniciado no ano 2007, cuxo propósito é consolidar un marco de cooperación territorial, de acordo co establecido no artigo 175 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea.

Somos un referente no desenvolvemento territorial transfronteirizo, cun enfoque na cohesión económica, social, cultural e ambiental, aproveitando a proximidade das cidades para xerar sinerxías que beneficien a ambos os territorios.

Obxectivos da Eurocidade

A Eurocidade Chaves-Verín ten como obxectivos fundamentais:



Promover a cooperación territorial

entre os concellos de Chaves e Verín, xestionando de maneira conxunta os servizos e equipamentos de ambos os territorios.



Converter a fronteira nunha oportunidade de desenvolvemento territorial e socioeconómico.

En lugar de ser unha barreira, a fronteira utilízase como un instrumento para fomentar a converxencia institucional, económica e social.



Reforzar a cohesión económica e social

en ámbitos como a agricultura, o comercio, o turismo, o patrimonio, a ordenación do territorio, o medio ambiente, os recursos naturais, o transporte, as comunicacións, a loxística, a cultura, o deporte, a educación, o lecer, a saúde e a protección civil.



Fomentar a utilización compartida de servizos públicos

que promovan a convivencia e colaboración entre a cidadanía de ambos os lados da fronteira.

Estratexias de cooperación

Para acadar estes fins, desenvolvemos as seguintes liñas estratéxicas de actuación:


Elaboración, deseño, presentación e execución de programas e proxectos de cooperación territorial cofinanciados pola Unión Europea, mediante o Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER), Fondo Social Europeo (FSE) e o Fondo de Cohesión.

Xestión conxunta de infraestruturas e servizos públicos de interese común, que se planifican e executan con recursos propios, ou mediante a colaboración cos membros do AECT.

Realización de obras públicas e proxectos conxuntos en áreas clave, como a protección do medio ambiente (especialmente o coidado e aproveitamento do Río Támega), o transporte e as comunicacións.

Con quen colaboramos:

Redes Europeas de Cooperación Territorial



A nosa xente

O noso territorio e datos demográficos

A Eurocidade Chaves-Verín esténdese a través dos concellos fronteirizos de Chaves e Verín, cunha superficie total de 685,3 km² que, en conxunto, en 2021, contaban cunha poboación total de 51.219 habitantes.

Os datos demográficos máis relevantes son:



- Chaves é o concello máis poboado do Alto Tâmega con:

37.590
habitantes en 2021

- Verín conta con:

13.629
habitantes en 2021

- Conxunto

51.219
habitantes en 2021

Ademais, obsérvanse os seguintes datos rexionais:



- Na estrutura etaria da Eurocidade un:

60 %
da poboación pertence ao grupo de idade entre os 15 e 64 anos.

- Mentras que o

30 %
da poboación son maiores de 65 anos, 27 % Verín e 32 % Chaves

No ámbito da educación, a Eurocidade amosa unha taxa considerable de poboación con estudos superiores:



- Verín conta cun,

18,5 %
de poboación con educación superior

- Chaves rexistra un

14 %
de graduados universitarios

- En conxunto,

15,2 %
da poboación da Eurocidade completou estudos superiores.

Descrición dos servizos

A sede da Eurocidade Chaves-Verín atópase nun espazo simbólico: a antiga Aduana Española en Feces de Abaixo. Este lugar, que antes representaba a división entre ambos os territorios, hoxe é un símbolo de unión e colaboración entre Chaves e Verín. Na nosa sede, ofrecemos servizos e información de interese para todos os eurocidadáns.

Contamos cos seguintes servizos:



→ Punto de Información Transfronteirizo (CBIP)

O CBIP, situado na antiga aduana española, é un centro de información clave para quen desexa coñecer máis sobre a Eurocidade e a rexión transfronteiriza. Ofrece asesoramento en temas esenciais para residentes e traballadores na zona, como mobilidade laboral, impostos e lexislación.

Obxectivo:


Reforzar a mobilidade e o mercado laboral na zona transfronteiriza, orientando á cidadanía na súa vida cotiá.

→ Oficina Transfronteiriza de Información Xuvenil

A Oficina Transfronteiriza de Información Xuvenil da Eurocidade Chaves-Verín está integrada nas estruturas do Instituto Português para o Deporte e a Xuventude (IPDJ) e da Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado da Xunta de Galicia, ademais de integrar a rede europea de información xuvenil (Eurodesk).

Obxectivo:

Ser unha plataforma para a mobilidade e colaboración xuvenil entre Galicia e Portugal, promovendo a integración sociocultural e actuando como referencia en emprego, cultura, lecer e estudos na Eurorrexión, fomentando ademais a idea dunha Europa unida.



→ Local de Ensaios

Trátase dun servizo gratuito dirixido á mocidade para que dispoña dun espazo adecuado onde poida expresar a súa creatividade musical. Este espazo forma parte da rede galega de Locais de Ensaios da Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado da Xunta de Galicia e está acondicionado cunha cabina de gravación.

→ Centro de Documentación Transfronteiriza

Con sede en Chaves, este centro especializado en cooperación transfronteiriza proporciona acceso a documentación sobre a fronteira España-Portugal. A través do seu arquivo físico e dixital, facilita o intercambio de información relevante para académicos e cidadáns interesados.

Obxectivo:

Recompilar, organizar e difundir información sobre cooperación transfronteiriza, facendo accesibles os contidos a investigadores e ao público xeral.



→ Emisión da Tarxeta de Eurociudadán

A tarxeta de eurociudadán é unha tarxeta común a ambas cidades que garante aos residentes de Chaves e Verín igualdade de acceso a servizos municipais e eventos en ambas localidades. Promove a integración da cidadanía de ambos os lados da fronteira, optimizando o uso de recursos públicos compartidos.

Obxectivo:

Facilitar o acceso universal a servizos públicos en ambos os concellos, evitando a duplicación de infraestruturas e promovendo a identidade eurociudadá.

→ Oficina Transfronteiriza de Información Turística

Chaves e Verín promóvense como un destino único, destacando pola súa riqueza en augas termais e patrimonio natural e cultural, que permitiron integrar a Asociación Europea de Cidades Históricas Termaleas (EHTTA). A rede turística proporciona información detallada e recursos promocionais para que os visitantes gocen da zona durante todo o ano.

Obxectivo:

Ofrecer información completa aos turistas e facilitar a súa estancia, promovendo o goce dos atractivos naturais e culturais da Eurocidade.



A Oficina Transfronteiriza de Información Turística integra a rede de oficinas de información turística do Destino Chaves-Verín, que inclúe unha oficina en Chaves, outra en Verín e outra en Vidago.

Información útil

Se desexas utilizar algún dos espazos ou servizos, podes poñerte en contacto connosco:



Contacto

Antiga Aduana Española,
Avda. Portugal, Feces de Abaixo,
32699 Verín, Ourense, España.

(+34) 988 426 644 / (+34) 608 913 048.

info@eurocidadechavesverin.eu.

Horarios de atención (hora española):

Luns a xoves: 09:00 - 14:00 / 15:00 - 17:00
Venres: 09:00 - 14:30.

Carta de Servicios

Eurocidade
Chaves-Verin

Interreg



Cofinanciado por
la Unión Europea
Cofinanciado pela
União Europeia

España – Portugal

Eurocidade 2030